

**CONCELLO DE TEO**  
**LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2014**

EXPEDIENTE



## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

### **Asunto: Liquidación do Orzamento do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2014**

Formada a liquidación do Orzamento do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2014, e de conformidade có disposto no artigo 191.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, esta intervención emite o seguinte **INFORME**:

#### **1.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

*-Arts. 191 a 193 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), arts. 183 a 193, particularmente arts. 191 e 192.*

*-Arts. 89 a 105 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o Título VI do TRLRFL en materia de Orzamentos (RD 500/90), arts. 89 a 105.*

*-Art. 6 do RD 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*-Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.*

*- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL) modelo normal, aprobada por Orde Ministerial EHA/4041/2004, de 23 de novembro, regras 51 a 77 e 78 a 86.*

#### **2.- ANTECEDENTES**

O exercicio 2014 contou cun orzamento xeral novo aprobado en sesión Plenaria de data 03/03/2014 vencellado a unha cuestión de confianza, e ascendendo tanto o Estado de Ingresos como o Estado de Gastos a **11.238.872,77€**.

Por outra parte, o Concello de Teo conta cun Plan de Axuste para o período 2012/2022 que fora aprobado en sesión Plenaria de data 30/03/2012 e con un Plan de Saneamento Financeiro para o período 2012/2017 que foi aprobado en sesión do Pleno de data 26/01/2012.

#### **3.- FORMACIÓN, TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN.**

*-O art. 89 RD 500/90, de 20 de abril, dispón que "El cierre y liquidación de los presupuestos de la Entidad Local y de los Organismos Autónomos de ella dependientes se efectuará, en cuanto a la recaudación de derechos y el pago de obligaciones, el 31 de diciembre del año natural. 2. La*



*confección de los estados demostrativos de la liquidación del Presupuesto deberá realizarse antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente”.*

- Os artigos 90 e 91 regulan a tramitación, a saber:

*“Corresponderá al presidente de la Entidad Local, previo informe de la Intervención, la aprobación de la liquidación ...*

*De la liquidación..., una vez efectuada su aprobación, se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que se celebre.*

*Las entidades locales remitirán copia de la liquidación de sus Presupuestos, antes de finalizar el mes de marzo del ejercicio siguiente al que corresponda, a la Comunidad Autónoma y al centro o Dependencia del MEH que éste determine.”*

-Pois ben, a liquidación do exercicio 2014 se forma en data 28/03/2015 , polo tanto fóra do prazo marcado polo artigo 89 do RD 500/1990; unha vez informada por esta intervención, deberá ser aprobada por Resolución da Alcaldía, dando conta ao Pleno na vindeira sesión, sempre antes do 31 de marzo de 2015, coa finalidade de ser remitida en prazo ao Ministerio de Facenda.

#### **4.-CONTIDO DA LIQUIDACIÓN**

-A liquidación do Orzamento 2014 está integrada polos correspondentes estados que poñen de manifesto os seguintes extremos, de acordo co art. 93 RD 500/90:

- a) Respecto do Orzamento de Gastos, e para cada partida orzamentaria, os créditos iniciais, modificacións, créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigas recoñecidas, pagos ordeados e pagos realizados.
- b) Respecto do Orzamento de Ingresos, e para concepto, as previsións iniciais, modificacións, previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e os recadados netos.
- c) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2014.
- d) O Resultado Orzamentario do exercicio 2014.
- e) Os remanentes de crédito a 31/12/2014
- f) O Remanente de Tesourería a 31/12/2014.

-Preséntase a continuación o resumo das principais magnitudes orzamentarias, referidas todas elas á data do peche do exercicio (31/12/2014).



**5.-LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO CORRENTE**

**5.1.-ORZAMENTO INICIAL**

-Como xa se expuxo, o concello de Teo aprobou o Orzamento Municipal de 2014 mediante acordo do Pleno de data 03/03/2014, entrando en vigor o día 22/04/2014; o citado orzamento aprobouse equilibrado en gastos e ingresos.

**5.2.-MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO**

Durante o exercicio 2014 se tramitaron os seguintes expedientes de modificación orzamentaria:

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>OBXECTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>DATA</b>
Incorporacion remanentes	Gastos con financiación afectada	194.777,25€	09/01/2014
Incorporación remanentes	Gastos con financiación afectada	19.505,63€	11/02/2014
Transferencias de créditos	Bolseiro biblioteca. Mercadillo segunda man. Actividades veciñais	Varios importes	15/05/2014
Transferencia de crédito	Programa cooperación. Cuberta escola infantil de Calo	10.000€/16.000€	03/06/2014
Transferencia de crédito	Obra DTC 93	79.400€	Pleno 26/06/2014
Transferencia de crédito	Planes cooperación 2014	3.120€	27/06/2014
Transferencia de crédito	Contratacion beneficiarios Risga	1.735€	02/07/20114
Xeracion de créditos	Calefaccion CS A Ramallosa	28.546,88€	18/08/2014
Transferencia de créditos	Contrato mantemento zonas verdes	7.500€	08/09/2014
Xeracion de créditos	Contratacion cuadrillas obras e servizos	11.895,61€	26/09/2014
Xeracion de créditos	Emerxencias sociais, donativo la Caixa	3.000€	23/10/2014



Transferencia de créditos	Investimento en infraestructuras	10.000€	23/10/2014
Xeración de créditos	Investimento medioambiente	7.909,94€	24/10/2014
Transferencias de créditos	Aprobación de facturas de servizos sociais e infraestructuras	2000€/20.000€	23/12/2014
Transferencia de créditos	Aprobacion de facturas en varias areas de gasto	Varios importes	30/12/2014

O resumo por capítulos de todas estas modificacións é o que de seguido se reflicte:

**ESTADO GASTOS**

CAPÍTULO	CREDITOS INICIAIS	MODIFICACIONES	CREDITOS DEFINITIVOS
<b>CAP.1</b>	3.136.095,64	-9.298,76	3.126.796,88
<b>CAP.2</b>	5.683.111,00	-52.320,00	5.630.791,00
<b>CAP.3</b>	94.867,98	0,00	94.867,98
<b>CAP.4</b>	468.210,00	-16.380,00	451.830,00
<b>CAP.6</b>	1.259.692,94	343.634,07	1.603.327,01
<b>CAP.7</b>	152.154,93	0,00	152.154,93
<b>CAP.9</b>	444.740,28	0,00	444.740,28
<b>TOTAL</b>	<b>11.238.872,77</b>	<b>265.635,31</b>	<b>11.504.508,08</b>

**ESTADO INGRESOS**

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS
<b>CAP.1</b>	3.338.200,00	0,00	3.338.200,00
<b>CAP.2</b>	95.000,00	0,00	95.000,00
<b>CAP.3</b>	2.473.600,00	3.000,00	2.476.600,00
<b>CAP.4</b>	4.125.487,47	31.401,24	4.156.888,71
<b>CAP.5</b>	150.650,00	0,00	150.650,00
<b>CAP.6</b>	471.521,00	0,00	471.521,00
<b>CAP.7</b>	584.414,30	231.234,07	815.648,37
<b>CAP.8</b>	0,00	0,00	0,00
<b>CAP.9</b>	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>11.238.872,77</b>	<b>265.635,31</b>	<b>11.504.508,08</b>



Da lectura das táboas anteriores se desprende que ao longo do exercicio 2014, o estado de gastos e o estado de ingresos se incrementaron nun 2,3% respecto dos créditos iniciais e previsións iniciais.

### 5.3.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

-De seguido se amosa o resumo da liquidación, a nivel de capítulo, do estado de gastos do exercicio corrente:

ESTADO GASTOS			
CAPÍTULO	CREDIT. DEFINIT.	OBRIGAS REC. NETAS	PAGOS
<b>CAP.1</b>	3.126.796,88	2.978.997,04	2.967.704,13
<b>CAP.2</b>	5.630.791,00	4.245.737,37	2.596.428,11
<b>CAP.3</b>	94.867,98	93.912,33	93.912,33
<b>CAP.4</b>	451.830,00	388.494,60	160.974,45
<b>CAP.6</b>	1.603.327,01	898.692,98	500.779,13
<b>CAP.7</b>	152.154,93	152.154,93	0.00
<b>CAP.9</b>	444.740,28	432.324,88	432.324,88
<b>total</b>	<b>11.504.508,08</b>	<b>9.190.314,13</b>	<b>6.752.123,03</b>

-Da súa lectura se desprenden as seguintes conclusións:

As obrigas recoñecidas netas representan 79% dos créditos definitivos, o que implica que non se esgotou o total do crédito orzamentario. Por outra parte, do total das obrigas recoñecidas netas, se pagaron o 73%

De xeito mais concreto:

-Non se esgotou o crédito do capítulo 1 de gastos de persoal debido á conxelación das prazas segundo o acordado no plan de saneamento financeiro. As obrigas recoñecidas se pagaron practicamente no 100%.

-Do crédito total do capítulo 2 practicamente se recoñeceron obrigas pola totalidade, pero se pagaron os contratos no 61%.

-O crédito total do capítulo 3 de gastos financeiros non se chegou a esgotar, debido á baixada dos tipos, se pagaron o 100% das obrigas recoñecidas(xa que se trata de pagos domiciliados).

-Do crédito total para subvencións correntes se esgotou o 85% aproximadamente, xa que non se empregou unha parte importante da partida do transporte comarcal, as obrigas foron pagaddas nun 41% aproximadamente.

-En canto aos investimentos, o pagamento das obrigas está ao 55% debido a que meirande parte dos investimentos se financian con transferencias doutras Administracións que aínda no foron ingresadas.

-Do capítulo 7 pagaronse o 100% das obrigas da obra Construcción de ETAP, executada por Augas de Galicia.



-Do capítulo 9 se pagou o 100% das obrigas recoñecidas.

**5.4 .-LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

**ESTADO INGRESOS**

CAPÍTULO	PREVISIONS DEFINIT.	DEREITOS REC. NETOS	RECADAC. NETA
<b>CAP.1</b>	3.338.200,00	3.329.496,48	3.329.496,48
<b>CAP.2</b>	95.000,00	65.453,34	65.453,34
<b>CAP.3</b>	2.476.600,00	1.909.844,84	1.068.232,78
<b>CAP.4</b>	4.156.888,71	3.844.352,23	3.432.324,97
<b>CAP.5</b>	150.650,00	571,77	571,77
<b>CAP.6</b>	471.521,00	0,00	0,00
<b>CAP.7</b>	815.648,37	426.645,57	215.643,13
<b>CAP.8</b>	0,00	0,00	0,00
<b>CAP.9</b>	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>11.504.508,08</b>	<b>9.576.364,23</b>	<b>8.111.722,47</b>

Da súa lectura se desprende que os dereitos recoñecidos netos acadaron 83% das previsións definitivas, mentres que a recadación neta representa 100% dos dereitos recoñecidos.

A nivel mais concreto:

- No capítulo 1 de Impostos directos se recadaron o 100 % dos dereitos, o desfase respecto das previsións iniciais ven determinado polo entorno de crise económica que minora os ingresos por estes conceptos, a pesares da revisión dos tipos impositivos do IBI e das tarifas do IVTM.
- No capítulo 2 a recadación acadou o 68% das previsións e se recadaron o 100% dos dereitos recoñecidos, a causa da desviación ven dada porque aínda non se recupera de todo a economía da situación de crise.
- No capítulo 3 as previsións tamén foron moi optimistas, especialmente no caso da taxa por servizos funerarios, e a pesares do aumento da recadación na taxa de basuras.
- En canto ás transferencias correntes procedentes doutras Administracións, debemos ter en conta a diminución respecto das previsións, de novo a causa é a crise que deriva nun recorte nas transferencias interadministrativas.
- As previsións de ingresos procedentes do alleamento de investimentos levan sendo excesivas dende fai varios exercicios, xa que se estiman ingresos por venda de solares que no se chegan a realizar, e estes ingresos á súa vez financian investimentos que mais tarde se executan con cargo a recursos xerais, esta situación xa foi descrita en informes anteriores.
- Dento do capítulo 9 non se producen novos ingresos, xa que en 2014 non se concertaron novas operacións de préstamo, o concello tampouco conta con activos financeiros.

**6.-LIQUIDACIÓN DE EJERCICIOS PECHADOS**

**6.1.-LIQUIDACIÓN GASTOS .-PECHADOS**

O resumo é o seguinte:



TOTAL OBLIGACIONES INICIALES	2.055.690,62
MODIFICACIONES	0.00
PRESCRIPCIONES	0.00
PAGOS REALIZADOS	1.781.030,92
OBLIGAC. PENDIENTES PAGO 31/12/2014	274.659,70

As obrigas pendentes de pago, ao igual que no exercicio precedente, se manteñen baixas.

#### 6.2.-LIQUIDACIÓN INGRESOS.-PECHADOS

Có seguinte resumo:

TOTAL DER. PENDIENTES COBRO INIC.	1.125.957,71
MODIFICACIONES	0.00
ANULACIONES	0.00
RECAUDACIÓN	492.886,27
DERECHOS PEND COBRO A 31/12/2014	633.071,44

A antigüidade máxima dos dereitos pendentes de cobro é o ano 2005. Os dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados determinan os saldos de dubidoso cobro que forman parte do Remanente de Tesourería e que se analizará mais adiante.

#### 7.-OS REMANENTES DE CRÉDITO

O artigo 99 do RD 500/1990 establece que ao peche do exercicio, quedarán anulados todos o remanentes de crédito que non chegase a fase de recoñecemento da obriga.

Os remanentes de crédito se clasifican en:

COMPROMETIDOS.-Se acadaron a fase de compromiso.

NON COMPROMETIDOS.-Se non acadan dita fase

E en:

REMANENTES DE CRÉDITO NON INCORPORABLES: non dispoñibles e xa incorporados en exercicios anteriores.

REMANENTES DE CRÉDITO DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA: Creditos vencellados a Gastos con Financiación Afectada (art. 47.5 do Real Decreto 500/1990).

REMANENTES DE CRÉDITO DE INCORPORACIÓN VOLUNTARIA: Saldos de CD+RC+A+D (art. 47.1 do RD 500/1990):

O artigo 48 do Real Decreto 500/ 1990, condiciona a incorporación de remanentes de crédito á existencia de recursos financeiros suficientes para elo, considerando como tales, o Remanente





Líquido de Tesourería para gastos xerais e os novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento.

A seguinte táboa amosa a situación dos remanentes a 31/12/2014:

CAPITULO	REMANENTES CRÉD.
1	147.799,84
2	1.385.053,63
3	955,65
4	63.335,40
6	704.634,03
7	0,00
9	12.415,40
<b>TOTAL</b>	<b>2.314.193,95</b>

CRÉDITOS DEFINITIVOS	11.504.508,08
GASTOS COMPROMETIDOS	10.728.114,50
REMANENTES COMPROMETIDOS	776.393,58

REMANENTES TOTALES	2.314.193,95
REMANENTES COMPROMETIDOS	776.393,58
REMANENTES NO COMPROMETIDOS	1.537.800,37

INCORPORABLES	0,00
NO INCORPORABLES	2.304.911,95
DE INCORPORACIÓN OBLIGATORIA	9.282,00

### **8.-RESULTADO ORZAMENTARIO**

- A definición e o cálculo do Resultado Orzamentario recóllese nos artigos 96 e 97 do RD 500/90 e nas regras 78 a 80 da ICAL. De acordo con esta normativa o resultado orzamentario pretende determinar si os dereitos por operacións orzamentarias do exercicio corrente foron ou non suficientes para atender as obrigas recoñecidas durante o exercicio, tendo polo tanto signo positivo no primeiro caso e negativo no segundo.

Matematicamente pode expresarse do seguinte xeito:

$$RP=DRN -ORN$$

Onde,

RP=Resultado orzamentario

DRN=dereitos recoñecidos netos durante o exercicio

ORN=obrigas recoñecidas netas durante o exercicio



-Nembargantes, tanto o art. 97 RD 500/90 como a ICAL prevén a realización dunha serie de axustes a este cálculo, a saber:

1.-Desviacións de financiamento imputables ao exercicio, derivadas de gastos con financiamento afectado, incrementando o resultado as negativas e diminuíndo o resultado as positivas. Tal e como dispón a ICAL, as desviacións de financiamento que integran o resultado orzamentario son as desviacións de financiamento do exercicio, é dicir as que se obteñen como a diferenza entre os ingresos recoñecidos durante o exercicio afectados a ese gasto concreto e as obrigas recoñecidas nese exercicio ponderadas polo coeficiente de financiamento do exercicio.

2.-Obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, do exercicio anterior. Polo que se refire ao axuste derivado das obrigas recoñecidas financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, non procede a realización da axuste algún xa que o RLT derivado da liquidación do exercicio 2013 foi negativo, polo que non se puido realizar ningunha modificación orzamentaria con cargo a él, e as incorporacións de remanentes de crédito realizadas financiáronse parcialmente con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

3.-No caso de Organismos Autónomos non administrativos, o resultado de operacións comerciais. Este caso non é aplicable ao RO do concello de Teo ao non contar con OAAA de ningún tipo.

-Polo tanto, O Resultado Orzamentario axustado segundo os apartados anteriores resulta ser o seguinte:

**A) RESULTADO ORZAMENTARIO**

**1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO**

**a) operacións correntes**

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	9.149.718,66
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	7.707.141,34
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 1</b>	<b>1.442.577,32</b>

**b) outras operacións non financeiras**

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	426.645,57
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.050.847,91
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 2</b>	<b>-624.202,34</b>



**Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2).....818.374,98€**

**2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO**

**a) activos financeiros**

DERETOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.3</b>	<b>0.00</b>

**b) pasivos financeiros**

DERETOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	432.324,88
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.4</b>	<b>-432.324,88</b>

**Resultado Orzamentario Financeiro(3+4)..... -432.324,88€**

**RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2014.....386.050,10€**

**Axustes:**

- 1.-Desviacións imputables **positivas (-)**.....**0.00€**
- 2.-Desviacións imputables **negativas (+)**.....**177.607,66€**
- 3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTX, fase O.....0,00€

<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2014</b>	<b>563.657,76€</b>
---	--------------------

-Analizando o ROA durante os catro últimos anos, nos atopamos coa seguinte evolución:

EXERCICIO	R. O. AXUSTADO
2011	-286.059,65€
2012	909.195,76€
2013	147.506,34€
2014	563.657,76€

Á vista do anterior, observase unha melloría notable do resultado orzamentario respecto do exercicio precedente.

**9.-REMANENTE DE TESOURERÍA**



-O Remanente de Tesourería regúlase no art. 191 TRLRFL e 101 RD 500/90. A cuantificación porá de manifesto os seguintes importes:

- (+) Dereitos pendentes de cobro, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio
- (-) Obrigas pendentes de pago, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio
- (+) Fondos líquidos da Tesourería ó peche do exercicio

- O detalle do seu cálculo é o seguinte:

<b>1. (+) FONDOS LÍQUIDOS</b>		<b>138.726,79</b>
<b>2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>2.216.119,24</b>
(+) del Presupuesto corriente	1.464.641,76	
(+) de Presupuestos cerrados	633.071,44	
(+) de operaciones no presupuestarias	136.425,58	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18.019,54	
<b>3. (-) OBRIGAS PENDENTES DEPAGO</b>		<b>2.878.519,92</b>
(+) do Presupuesto corriente	2.438.191,10	
(+) do Presupuestos cerrados	274.659,70	
(+) de operaciones no presupuestarias	206.791,31	
(-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	41.122,19	
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)</b>		<b>-523.673,89</b>
<b>SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)</b>		<b>39.871,45</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)</b>		<b>0.00</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)</b>		<b>-563.545,34</b>

- O **Remanente de Tesourería Total**, de acordo co exposto nos apartados anteriores, ascende a **-523.673,89€** resultante de deducir ós dereitos pendentes de cobro totais mais os fondos líquidos, as obrigas pendentes de pago totais, todos eles referidos á data do peche do exercicio.

-De acordo cos art. 191 TRLRFL, 102 RD 500/90 e a ICAL, ao Remanente de Tesourería Total (RTT) deben deducirse:

- Os saldos de dubidoso cobro.
- O exceso de financiamento afectado (integrado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas)

-Para determinar os dereitos de dudoso cobro ou dereitos de difícil ou imposible recadación estaremos ao disposto no artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de



Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, que modifica o RDL 2/2004 incorporandolle un artigo 193 bis:

“Las EELL deberán informar al MHAAPP y al Pleno, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación, con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los 2 ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25%.
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del tercer ejercicio anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50%.
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los ejercicios 4º y 5º anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75%.
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100%.”

Así os dereitos de dubidoso cobro son os que se amosan na seguinte táboa:

**DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN  
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2014**

ANO	%	DPC	DDIR
2013	0,25	523.939,93	130.984,98
2012	0,25	92.105,21	23.026,30
2011	0,5	0,00	0,00
2010	0,75	0,00	0,00
2009	0,75	724,63	543,47
2008	1	5.928,16	5.928,16
2007	1	2.558,50	2.558,50
2006	1	3.228,52	3.228,52
2005	1	4.586,49	4.586,49
			<b>39.871,45</b>

-O importe das **desviacións de financiamento positivas**, acumuladas e globais por proxecto recóllese no estado de desviacións de financiamento, sendo o seu total **de 0.00€**, e ésta é a cifra do Remanente de Tesourería para Gastos con Financiación Afectada.



- Cando o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGG) é positivo, pode ser empregado para o financiamento de modificacións orzamentarias, coma incorporación de remanentes de crédito, suplementos de crédito ou créditos extraordinarios.

-No caso de que o RLTGG sexa negativo, como é este caso, o art. 193 TRLRFL establece as medidas que se deberán adoptar:

*A) Reducción de gastos do novo orzamento por contía igual ó déficit producido*

*B) De non ser posible a anterior, pode acudirse á realización dunha operación de crédito sempre que se cumpran os requisitos do art. 117.5 TRLRFL (que o seu importe non supere o 5% dos recursos por operacións correntes da entidade, que a carga financeira da entidade, incluída a operación proxectada, non supere o 25% dos devanditos recursos, e que a operación quede cancelada antes da renovación da Corporación).*

*C) De non adoptarse ningunha destas medidas, o orzamento do exercicio seguinte deberá aprobarse cun superávit inicial igual ou superior o déficit producido.*

-A evolución do RTGX, durante os catro últimos exercicios, é a seguinte:

EXERCICIO	RLT GX
2011	-3.098.145,37€
2012	-1.578.118,25€
2013	-1.236.182,59
2014	-563.545,34

Da lectura dos datos compróbase unha melloría notable do remante de tesourería para gastos xerais, non obstante esta melloría non se pode considerar real xa que no exercicio 2014 non se recoñeceron obrigas polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración, que formarían parte de dito remanente de tesourería, e polo tanto, habera que estar á liquidación do contrato coa empresa xestora para ver como influirán estas obrigas no remanente da vindeira liquidación.

## **10.- AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO**

De acordo co art. 53 TRLRFL o **Aforro Neto** defínese como o importe resultante de minorar ós dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 do estado de ingresos, as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos e o importe dunha anualidade teórica de amortización, calculada en termos constantes, das operacións de crédito a longo prazo, incluída a operación



proxeitada, e dos empréstitos propios e avalados a terceiros pola Corporación e pendentes de reembolso.

Como novidade, debemos ter en conta a Disposición Adicional 73ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que nos dí:

“En el caso de que las Entidades Locales presenten un ahorro neto negativo o endeudamiento superior al **75% de sus ingresos corrientes liquidados** en el ejercicio anterior en los términos definidos en la Disposición Adicional 31ª de esta ley, las corporaciones locales, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, deberán aprobar un plan de saneamiento financiero o de reducción de deuda para corregir, en un plazo máximo de tres años, el signo del ahorro neto o el volumen de endeudamiento”.

E tamén a Disposición Final 31 da mesma lei, que nos dí:

“ Con efectos de la entrada en vigor de esta ley y vigencia indefinida, la DF4ª del Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de diciembre, que queda redactado como sigue:

a) Las Entidades Locales...que liquiden el ejercicio inmediatamente anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total de capital vivo no exceda del 75% de los ingresos corrientes liquidados.

...

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal o carácter recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.”

Pois ben, tendo en conta o anterior, o cálculo do Aforro Bruto e Neto a 31 de decembro de 2014 é o seguinte:

<b>AFORRO BRUTO E NETO LIQUIDACION 2014</b>
---

CAP ING	DRN
1	3.329.496,48
2	65.453,34
3	1.909.844,84
4	3.844.352,23
5	571,77
<b>TOTAL</b>	<b>9.149.718,66</b>



CAP GAS	ORN
1	2.978.997,04
2	4.245.737,37
4	388.494,60
<b>TOTAL</b>	<b>7.613.229,01</b>

<b>AB</b>	1.536.489,65
<b>ATA</b>	370.686,95
<b>AN</b>	1.165.802,70

<b>DEBIDA VIVA A 31/12/2014</b>	2.194.909,49
<b>DEREITOS CORRENTES LIQUIDADOS</b>	9.149.718,66
<b>% ENDEBEDAMENTO</b>	0,24

Polo tanto:

-O aforro neto é positivo e a porcentaxe de endebedamento está por debaixo do 75% dos ingresos correntes ordinarios liquidados, polo tanto, o concello podería concertar novas operacións de préstamo para financiar investimentos.

-Non resulta necesario elaborar o plan de saneamento a que fai referencia a Disposición Adicional 73ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

### **11.-CUMPRIMENTO PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO 2012/2017**

O plan de Saneamento 2012 2017 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26/01/2012 prantexa tres obxectivos a acadar durante a súa vixencia:

- 1º.- Correxir o aforro neto negativo no prazo de tres anos(2015)
- 2º.-Cumprir có obxectivo de estabilidade orzamentaria no prazo de tres anos(2015)
- 3º.- Obter remanentes de Tesourería positivos no prazo de seis anos.

Pois ben, o que se desprede da lectura do presente informe ao peche do exercicio 2014 e que se mantén o aforro neto positivo pero o remanente de Tesourería todavía é negativo e cuantioso debendo exercerse políticas de racionalización do gasto para acadar valores próximos a cero. O obxectivo de estabilidade orzamentaria,regla de gasto e límite de débeda se tratan nun informe independente.

### **CONCLUSIÓNS**

Da lectura dos apartados anteriores se desprenden as seguintes conclusións:

- 1º.- RESULTADO ORZAMENTARIO: POSITIVO
- 2º.-REMANENTE DE TESOURERÍA: melloría do RLT para gastos xerais, que todavía é cuantioso e negativo e non é unha cifra realista tendo en conta que figura pendente a liquidación do contrato con Viaqua. Esta intervención recomenda manter o control e racionalización do gasto





municipal e mellorar a xestión recadatoria para reconducir o remanente de tesourería a valores próximos a 0.

3º.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO: o primeiro é positivo e o segundo é inferior ao límite do 75%.

Teo, 30 de marzo de 2015.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela



## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

### **Liquidación exercicio 2014 Estabilidade orzamentaria, sotenibilidade financeira e regra de gasto**

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto pola Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sotenibilidade Financeira, vixente dende o 01/05/2012, e modificada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, esta Intervención emite o seguinte informe en relación ao cumprimento da **estabilidade orzamentaria, sotenibilidade financeira e regra de gasto en relación coa liquidación do exercicio 2014:**

#### **1º.-PRINCIPIOS XERAIS**

A nova Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de aplicación ás Entidades Locais (modificada por Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro) enumera unha serie de principios xerais e procedementos a que debe axeitarse a política orzamentaria do sector público, os mais relevantes son:

##### **PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.-Artigo 3.**

"1.-A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afeten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei se realizará nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.  
2.-Se entenderá por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural."

##### **PRINCIPIO DE SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA.-Artigo 4.**

"1.-As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei estarán suxeitas ao principio de sotenibilidade financeira.  
2.-Se entenderá por sotenibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido nesta lei e na normativa europea.  
Se entende que existe sotenibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade."

##### **PRINCIPIO DE TRANSPARENCIA.-Artigo 5.**

"1.-A contabilidade das Administracións Públicas..., así como os seus orzamentos e liquidacións deberán conter información suficiente e axeitada que permita verificar a súa situación financeira, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sotenibilidade financeira e a observancia dos requirimentos acordados pola normativa europea na materia."

##### **PRINCIPIO DE RESPONSABILIDADE.-Artigo 6.**

"1.-As administracións públicas que incumpran as obrigas contidas nesta Lei así como as que provoquen ou contribúan a producir o incumprimento dos compromisos asumidos por España de acordo coa normativa europea, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento se tivesen derivado."

A lei contempla ademais os principios de plurianualidade, lealdade institucional e eficiencia na asignación dos recursos públicos.

#### **2º.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

##### **A) INSTRUMENTACIÓN**

Intervención  
TEO



O artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, dispón:

"1.-A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público se someterá ao principio de **estabilidade orzamentaria**.

2.- Ningunha Administración poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado de ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais

...

4.-As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

...

6.-Para o cálculo do déficit estrutural se aplicará a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orzamentaria."

### B) CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Ven determinada pola diferenza entre os capítulos 1 a 7 do estado de Ingresos, e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, e sobre dita diferenza se practicarán os axustes que indica Manual de Cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales.

(Ver anexos a este informe.)

## 3º.-SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

### A) INSTRUMENTACIÓN

Regulada no artigo 13 da lei:

"1.-O volumen de débeda pública, definida de acordo có Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, do conxunto das Administracións Públicas non poderá superar o 60% do PIB nacional expresado en termos nominais, ou o que se establezca pola normativ europea.

Este límite se distribuirá de acordo cós seguintes porcentaxes, expresados en termos nominais do PIB nacional: 44% para a Administración central, 13% para o conxunto de CCAA e 3% para o conxunto das Corporacións Locais."

### B) CALCULO DO LÍMITE DE DÉBEDA

(ver anexos a este informe)

## 4º.-REGRA DE GASTO

### A) DEFINICIÓN

O artigo 12 regula a regra de gasto:

"1.- A **variación do gasto computable** da Administración central, das Comunidades Autónomas e3 das Corporacións Locais, non poderá superar a **taxa de referencia de crecemento** do PIB de medio prazo da economía española.

2.-Se entenderá por gasto computable ...os empregos non financeiros definidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras administracións públicas e as transferencias ás CCAA e ás EELL vencelladas aos sistemas de financiación.

3.-Corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española...Esta taxa se publicará no informe a

Intervención  
2014



que se refire o artigo 15.5 desta Lei. Será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das CCAA e CCLL na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.”

O cálculo da regra de gasto que se fai de seguido realízase conforme ás normas dictadas na Guía para la Determinación de la Regla de Gasto.-2ª edición, publicada pola Intervención Xeral da Administración do Estado na súa páxina web. A taxa de referencia de crecemento do PIB é do 1,5% para 2014.

## B) CÁLCULO DA REGRA DE GASTO

Ver anexos a este informe.

### 5º.-MEDIDAS PREVENTIVAS, CORRECTIVAS E COERCITIVAS

O artigo 18 establece:

1.-As Administracións Públicas farán un seguimento dos datos da execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio no se incumple o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

E o 19 advirte:

1.-En caso de apreciar un risco de incumprimento da estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto...das Corporacións Locais, o Goberno, a proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, formulará unha advertencia motivada á Administración responsable previa audiencia á mesma...dita advertencia se fará pública a efectos de xeral coñecemento.

2.-A Administración advertida terá o prazo de un mes para adoptar as medidas necesarias para evitar o risco, que serán comunicadas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Se non se adoptasen as medidas ou o Ministerio de Facenda apreciase que son insuficientes para correxir o risco, se aplicarán as medidas correctivas previstas nos artigos 20,21 e 25.1ª).

Para correxir o incumprimento anterior, o artigo 21 prevee:

**1.-En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso, e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, có contido e alcance previstos neste artigo.**

E o 23 regula a súa tramitación:

1.-Os plans económico-financeiros ... serán presentados ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento... Estes plans deberán ser aprobados por ditos órganos no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4.-Os plans económico-financeiros elaborados polas CCLL deberán estar aprobados polo Pleno da Corporación.

...  
Os plans económico-financeiros se remitirán á Comisión Nacional de Administración Local. Se dará a estes plans a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da Entidade.



O artigo 24 estipula:

1.-O MHAP, elaborará trimestralmente un informe de seguemento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros, para o cal recabará a información necesaria.

3.-En caso de que nos informes de seguemento se verifique unha desviación en aplicación das medidas, o MHAP requirirá á Administración responsable para que xustifique dita desviación, aplique as medidas ou, no seu caso, inclúa novas medidas que garantan o cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Finalmente, os artigos 25 e 26 recollen medidas coercitivas en caso de incumprimento:

**-En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ...a Administración Pública responsable deberá:**

a) aprobar no prazo de 15 días dende que se produza o incumprimento, a **non dispoñibilidade de créditos** que garantan o cumprimento do obxectivo establecido.

De non adoptarse esta medida, ou en caso de ser insuficiente, será nomeada unha comisión de expertos que valorará a situación económica real do concello e imporá as regras de obrigado cumprimento por parte da entidade.

b) constituír un **depósito con xuros** no Banco de España equivalente ao 0,2% do seu PIB nominal.

**-En caso de incumprimento das medidas anteriores, o Goberno ou no seu caso, a CCAA que teña atribuída a tutela financeira, requirirá ao Presidente** da Corporación para que as adopte, e, en caso de novo incumprimento, a CCAA adoptará as medidas para o seu cumprimento forzoso.

**A persistencia no incumprimento dalgunha das obrigas anteriores, cando supoña o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, poderá considerarse como xestión gravemente danosa para os intereses xerais, e poderá procederse á disolución dos órganos da CCLL incumplidora.**

## **6º.-CONCLUSIÓNS**

Á vista do exposto nos apartados anteriores, na liquidación do exercicio 2014, a situación dos tres principios é a seguinte:

**Estabilidade orzamentaria:** CUMPRESE .

**Regla de gasto:**CUMPRESE

**Sostenibilidade financeira:** CUMPRESE.

Teo, 30 de marzo de 2015

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela



**F.1.1.B4.-Ingresos corrientes de carácter ordinario**

Concepto	Importe (+/-)	Observaciones
Cap1	3.329.496,48	
Cap2	65.453,34	
Cap3	1.909.844,84	
Cap4	3.844.352,23	
Cap5	571,77	
<b>Suma de los ingresos previstos en capítulos 1 a 5</b>	<b>9.149.718,66</b>	
(-)Ingresos por multas coercitivas, o derivados de convenios urbanísticos, o cualesquiera otros derivados del PPS.	0,00	
(-)Ingresos por actuaciones de urbanización, como el canon de urbanización, cuotas de urbanización u otros de este carácter	0,00	
(-)Aprovechamientos urbanísticos, y otros ingresos de aprovechamientos edificatorios distintos de los anteriores	0,00	
(-) Ingresos por multas impuestas por infracciones urbanísticas, afectados a operaciones urbanísticas, no integrados en el PPS.	0,00	
(-) Ingresos por el canon de mejora del servicio de agua o canon de saneamiento cuando este afectado a inversiones de capital	0,00	
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la CCLL	0,00	
(-)Otras concesiones y aprovechamientos, afectados por la normativa aplicable a la financiación de operaciones de capital.	0,00	
(-) Otros ingresos incluidos en el Cap 1 a 5, afectados a operaciones de capital distintos de los anteriores	0,00	
(-) Otros ingresos incluidos en el Cap 1 a 5 y no consolidables a futuro	0,00	
<b>TOTAL DE INGRESOS CORRIENTES DE CARÁCTER ORDINARIO</b>	<b>9.149.718,66</b>	

Handwritten signature and official stamp of the entity, partially overlapping the bottom of the table.

**F.3.4.-Informe do nivel de débeda viva**


		Débeda viva 2014						
Entidade	Total Ingresos correntes	emisións débeda	Operacións con ent cred	Factoring sen recurso	Avals executados	Débedas con AAP	Outras op crédito	total débeda viva a 31/12/2014
A. DE TEO	9.149.718,66	0,00	2.194.909,49	0,00	0,00	477.433,88	0,00	2.672.343,37

**NIVEL DÉBEDA VIVA, SEGUNDO PROTOCOLO DEF EXC** 0,292068365

**OBSERVACIÓNS**

cumprése o límite de débeda

01



TE



ESTABILIDADE ORZAMENTARIA INICIAL

CAPITULO	DRN LIQUIDACION 2014	ORN LIQUIDACION 2014
1	3.329.496,48	2.978.997,04
2	65.453,34	4.245.737,37
3	1.909.844,84	93.912,33
4	3.844.352,23	388.494,60
5	571,77	0,00
6	0	898.692,98
7	426.645,57	152.154,93
TOTAL	9.576.364,23	8.757.989,25

DIFERENCIA-CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO ANTES DE AJUSTES(A-B)

818.374,98  
CAPACIDADE

AJUSTES -519.314,62

EP FINAL 299.060,36

Handwritten signature and official stamp of the Municipality of Itaperiú, Paraná. The stamp includes the text "MUNICÍPIO DE ITAPERIÚ - PARANÁ" and "INTERMUNICIPAL".

F.1.1.B1.-Axustes contemplados no informe de avaliación para relacionar o saldo resultante de I e G, coa capacidade o necesidade de financiación, segundo o SEC 95.

IDENTIF	CONCEPTO	IMPORTE AXUSTE SALDO (+/-) LIQUIDACIÓN 2014	OBSERVACIÓNS
GR000	Axustes por recadacion Ingresos Cap 1	-198.739,58	
GR000b	Axustes por recadacion de ingresos Cap 2	834,51	
GR000c	Axustes por recadacion de ingresos Cap 3	-400.173,38	
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE -2008	19.868,40	
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE-2009	48.336,36	
GR006	Xuros	0,00	
GR006b	Diferencias de cambio	0,00	
GR015	Inexecución	0,00	
GR009	Investimentos realizados por conta da Corporación Local	0,00	
GR004	Ingresos por venta de accións	0,00	
GR003	Dividendos e participación en beneficios	0,00	
GR016	Ingresos obtidos do Orzamento da Unión Europea	0,00	
GR017	Operacións de permuta financeira(SWAPS)	0,00	
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	
GR012	Aportacións de capital	0,00	
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	
GR008	Adquisición con pago aplazado	0,00	
GR008a	Arrendamento financeiro	7.299,50	
GR008b	Contratos de asociación público privada(APP-S)	0,00	
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Adm.	0,00	
GR019	Préstamos	0,00	
GR099	Outros axustes	3.259,57	RECS
	<b>TOTAL AXUSTES SEC PRORROGA 2013/2014</b>	<b>-519.314,62</b>	<b>T O D E</b>

Ayuntamiento de Pontevedra

**EXPLICACIÓN AOS AXUSTES DO SALDO ENTRE INGRESOS ES GASTOS**

1.-Axustes derivados da recadación capítulo 1.2E.3

SI PREVISION > MEDIA, AJUSTE NEGATIVO  
SI PREVISION < MEDIA, AJUSTE POSITIVO

CAPITULO	DRN LIQUIDACION 2014	REC 2012	REC 2013	REC2014	SUMMA	MEDIA	DIFERENCIA	
1	3.329.496,48	2.879.084,78	3.183.889,44	3.329.496,48	9.392.270,70	3.130.756,90	198.739,58	NEGATIVO
2	65.453,34	86.742,68	46.667,54	65.453,34	198.863,56	66.287,85	-834,51	POSITIVO
3	1.909.844,84	1.915.383,24	1.545.398,37	1.068.232,78	4.529.014,39	1.509.671,46	400.173,38	NEGATIVO
<b>TOTAIS</b>	<b>5.304.794,66</b>	<b>4.881.210,70</b>	<b>4.775.755,35</b>	<b>4.463.182,60</b>	<b>14.120.148,65</b>	<b>4.706.718,22</b>		

**2.-Arrendamiento financiero**

Cuotas contrato de leasing tractor servicios básicos, as obrigas recoñecidas durante os exercicios da vida do contrato son **MEMOR GASTO** do capítulo 2.As obrigas por cotas de leasing en 2014 ascenden a 7299,50€.

3.-Liquidación PTE 2008

AJUSTE POSITIVO 19868,40

4.-Liquidación PTE 2009.

AJUSTE POSITIVO 48336,36

**6.-Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento(outros axustes)**

gastos de 2014 que se imputarán a 2015, mayor gasto de 2014

REC 1/2015 3.259,57 AJUSTE NEGATIVO

COLECCIÓN DE DOCUMENTOS  
 INTERMUNICIPAL DE LA PROVINCIA DE PONENTE  
 TEND. DE...  
 2015

**F.3.2.-Informe de avaliación da Estabilidade Orzamentaria**

Entidade	Estabilidade Orzamentaria				
	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	axustes SEC entidade	axustes SEC op internas	Capacidade/Necesidade financ.
A. DE TEO	9.576.364,23	8.757.999,25	-519.314,62	0,00	299.060,36

CUMPRIMENTO OU INCUMPRIMENTO cumprimento

OBSERVACIÓNS

Handwritten signature and official stamp of the entity, including the text 'SERVIDOR PÚBLICO' and 'MUNICIPIO DE TEO'.

**F.1.1.B2.-Información para a aplicación da Regla de Gasto**

CONCEPTO	LIQUIDACION 2013	LIQUIDACION 2014	OBSERVACIÓN
CAP1 GASTOS	3.042.814,09	2.978.997,04	
CAP 2 GASTOS	5.263.247,47	4.245.737,37	
CAP 4 GASTOS	396.420,60	388.494,60	
CAP 6 GASTOS	755.976,20	898.692,98	
CAP 7 GASTOS	152.154,93	152.154,93	
<b>CAPS 1 A 7 DE GASTOS EXCEPTO CAPÍTULO 3</b>	<b>9.610.613,29</b>	<b>8.664.076,92</b>	
<b>AXUSTES EMPREGOS NON FINANCIEROS SEGUNDO SEC</b>	<b>270.770,28</b>	<b>10.559,07</b>	
(-) Alieamento de terreos e demais investimentos reais	0,00	0,00	
(+/-)Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	0,00	
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00	
(+) Aportacións de capital	0,00	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	259.749,72	3.259,57	
(+/-)Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento(RECS)	0,00	0,00	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco de App's	0,00	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aplazado	11.020,56	7.299,50	
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	0,00	
(+) Préstamos	0,00	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores	0,00	0,00	
(-) Invetimentos realizadas pola CCLL, por conta doutra Adm.	0,00	0,00	
(+/-) Outros(especificar)	-988.861,74	-946.023,85	
<b>EMPREGOS NON FINANCIEROS EXCEPTO XUROS, EN TERMINOS DO SEC 95</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	
(-) Pagos por transferencias(e op internas) a outras entidades da Corporación L.	-988.861,74	-946.023,85	
(-) Gastos con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP(ing afectados)			
DEPUTACION			
CCAA	0,00	0,00	
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiación			
<b>TOTAL GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO</b>	<b>8.892.521,83</b>	<b>7.728.612,14</b>	
(+/-) Incrementos ou diminucións na recadación por cambios normativos		0,00	

Detalle de incrementos/disminucións na recadación por cambios normativos	Importe(+/-)	Norma que cambia	aplicación económica
descripción do cambio normativo			

**F.3.3.-Informe de cumplimiento da Regla de Gasto**

		gasto máximo admisible Regla de Gasto		
Entidade	GC liquidación 2013(1)	(2)=GC2013*(1+TRCPiB)	aumentos/disminucións(3)	Límite regla gasto(4)=(2)+(3)
CONCELLO DE TEO	8.892.521,83	9.043.694,70	0,00	9.043.694,70
				GC liquidación 2014(5)
				7.728.612,14

Diferencia entre límite regla de gasto e gasto computable 2014(5)-(4)	-1.315.082,56
Diferencia entre límite gasto 2013PSF e gasto computable 2014	SEN PSF
% incremento gasto computable 2014/2013(6)= ((5)-(1))/(1)	-0,130886346

CUMPRIMENTO OU INCUMPRIMENTO  CUMPRIMENTO

**OBSERVACIÓN**

\*TRCPiB 1,7

Concello de Teo